

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2020

Ás 11:05 horas do día 15 de decembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 10 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 1 e 14)
D^a. Luz María González Domínguez, instrutora do expediente (decreto 17/102020) (asiste aos puntos 2b e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12.747-446) (prazo de emisión do informe de valoración do sobre B)

Dáse conta do escrito asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 7 de decembro de 2020 no que comunica a imposibilidade de emitir o informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor dentro do prazo concedido.

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova Grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (604-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ATENEA, S.A.U.
2. CIES ATLÁNTICO, S.L.U.
3. ELETREINTAYUNO
4. INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L.
5. NORMANSYS, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.: deberá presentar de novo o Anexo II do PCAP para indicar se pertence ou non a un grupo de empresas.
2. INCOPE CONSULTORES, S.L.: ao indicar no DEUC que concorre a esta licitación en UTE con STAD42 ESPACIO TÉCNICO, S.L.U. deberá achegar o DEUC debidamente cumprimentado por esta empresa, tal e como esixe a cláusula 8.7 do PCAP. Así mesmo, deberá achegar o anexo II do PCAP de cada unha das empresas participantes na UTE (cláusula 14 do PCAP).

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 9 de decembro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
2. SACAFERRO, S.L.

Os anteriores licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento a SACAFERRO, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Non admitir neste procedemento a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (cláusula 14 do PCAP). O licitador non atendeu correctamente ao requirimento formulado pola Mesa no prazo concedido para o efecto (artigo 141.2 da LCSP) ao non ter presentado un novo DEUC onde cumprimentase o motivo de exclusión da parte III "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral".

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova Grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (604-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incem. nº mínimo auxiliares produción para montaxe e desmonte do valado de seguridade	Incem. nº mínimo auxiliares de control de accesos	Incem. nº sanitarios portátiles a instalar	Incem. unha ambulancia
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	37,695.11 €	5	5	2	si
2	SACAFERRO, S.L.	50,579.22 €	5	5	2	si

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Logo dun receso dunha hora, entrégase o informe asinado pola instrutora do expediente o 15 de decembro de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por canto a



súa oferta está incurso en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

Retírase da orde do día este asunto porque a Mesa acordou no punto anterior iniciar o procedemento para xustificación de baixas anormais cun dos licitadores.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de "REMODELACIÓN DA CONTORNA DA RÚA BAIXADA Á ESTACIÓN" redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuan e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "UN MILLÓN NOVECENTOS SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS EUROS con DOUS CÉNTIMOS" (1.967.200,02 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 341.414,88 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.609.00.90 (2ª ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN INTERMODAL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	674,354.37 €
2021	1,292,845.65 €
TOTAL	1,967,200.02 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 191,72%

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	98,42
2	DRAGADOS, S.A.	92,89
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,49
4	UTE PRACE- CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	60,40
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	58,11
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	40,99

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 9 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de novembro e 3 de decembro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A.U., adoptada por resolución da concelleira delegada de Contratación o 9 de decembro de 2020, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.
2. Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441) por un prezo total de 1.878.676,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 326.051,21 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Dáse conta da resolución nº 208/2020, do 9 de decembro de 2020, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por GRUPORAGA S.A. contra o acordo de adxudicación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:38	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64E-EBB453-A5E6BH-RVNVRE-6C4CLA-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		